

XUNTA DE COORDINACIÓN DO VALEDOR DO POBO, CELEBRADA O 24 DE SETEMBRO DE 2018

DATA: 24 de setembro de 2018

HORA DE COMEZO: 09.30 h

HORA DE REMATE: 10.00 h

ASISTENTES:

Dona Milagros María Otero Parga (valedora do pobo)
Don Fernando Luis de Andrés Alonso (secretario xeral)
Dona María Beatriz González Moreno (coordinadora xeral)
Don Santiago González Serrano (xefe de servizo II)
Don José Ramón Cólera Leirado (responsable técnico)
Dona Nuria Palmero Sande (responsable técnica)
Dona Cristina Fernández San Silvestre (responsable técnica)
Don Salvador Fernández Moreda (responsable técnico)
Dona Isabel Alvite Menor (responsable técnica)

Orde do día:

- 1.- Estado das queixas e outros temas de actualidade
- 2.- Propostas en materia de contratación:
 - a) Memoria, Prego de cláusulas administrativas e Prego de prescricións técnicas para a contratación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, polo procedemento aberto, dos servizos de soporte, mantemento, evolución e seguridade da infraestrutura informática do Valedor do Pobo.
 - b) Proposta de resolución de continuidade do contrato de servizo de soporte, mantemento, evolución e seguridade da infraestrutura informática do Valedor do Pobo.
 - c) Proposta de continuidade do contrato de servizo de limpeza e mantemento do edificio sede do Valedor do Pobo.
 - d) Memoria, Prego de cláusulas administrativas e Prego de prescricións técnicas do contrato de mantemento do edificio sede do Valedor do Pobo.
- 3.- Borrador de escrito á Consellería de Política Social sobre a modificación da normativa sobre dependentes falecidos sen atención.
- 4.- Rogos e preguntas

Deliberacións

1.- Estado das queixas e outros temas

A valedora dá conta de que hoxe acudirá ao acto organizado no Centro Penitenciario de Teixeiro.

O martes acode a entidade SOS Racismo para presentar proxectos á valedora.

O mércores a valedora acode ao Congreso Internacional de Transparencia en Cádiz. Intervirá o día 27 expoñendo un caso relevante.

A valedora manifesta que estes días coñeceu o tratamento mediático do curso dado á queixa promovida pola asociación Long Hope (mariñeiros galegos en barcos noruegueses sen seguridade social).

A coordinadora xeral sinala que se reorganizou a lista de cobertura dos venres a tarde.

O responsable técnico, Fernández Moreda, sinala que algúns expedientes das súas áreas atópanse sen os preceptivos informes e solicita criterio para obrigar a achegalos. Enviaranse os requirimentos pendentes, no seu caso, chamarase aos responsables para advertir directamente das consecuencias da falta de colaboración, e, se é o caso, procederase de acordo co legalmente previsto (declaración de hostilidade e entorpecemento e posteriormente posta en coñecemento da autoridade xudicial por posibles responsabilidades penais). Ante disto último esgotaranse todas as medidas para que a administración afectada cumpra a súa obriga de colaboración.

O responsable técnico Cólera Leirado informa de que plantexouse unha nova queixa sobre o posible incumprimento da lei de símbolos no Concello de San Sadurniño. Por tanto reabriuse a queixa.

A responsable técnica Palmero Sande informa de que xa se entregaron as queixas recibidas en Cervo (acudiu coa valedora á recente visita a ese concello).

2.- Propostas en materia de contratación:

O xefe de servizo informa que o contrato de limpeza e mantemento terá que tramitarse de forma separada por falta de ofertas para o lote de mantemento. Prorrogarase e substanciarase despois de incrementar o orzamento de licitación. Achégase a memoria e os pregos do contrato de mantemento.

O contrato de mantemento informático está en fase de revisión dos pregos polo informáticos do Parlamento. Modificouse o obxecto para incluír o apoio ao futuro novo sistema e a sede electrónica.

Hoxe será a última mesa de contratación do novo sistema informático e da sede electrónica.

Non se expón obxección por parte de ninguén.

3.- Borrador de escrito á Consellería de Política Social sobre a modificación da normativa sobre dependentes falecidos sen atención.


O secretario xeral expón o borrador de comunicación para a Consellería de Política Social sobre reiteración da necesidade de cambiar a norma administrativa (orde de 2012) que, segundo indica a propia conselleira, impide compensar polo falecemento de dependentes sen atención despois do vencemento do prazo para aprobar o PIA. Esíxese a alta na Seguridade Social, o que non parece correcto, segundo expúxose xa en anteriores expedientes e en Informes ao Parlamento.

Non se expón obxección por parte de ninguén.

4.- Rogos e preguntas


Non hai rogos e preguntas

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión. Redacto esta acta como secretario da Xunta de Coordinación.



Fernando de Andrés Alonso
Secretario xeral

V. e Pr.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

